

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 28 DE MARZO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Río Gafos (Pontevedra).

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Redondela, do treito antigo da estrada EP-2702 Amoedo-Os Valos (estrada Nespereira) punto quilométrico 7+950 á N-550.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan de actuación para a implantación na Comunidade Autónoma de Galicia das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €).

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a mellora da garantía do abastecemento na zona Sur da Provincia de Pontevedra, por un importe de douscentos mil euros (200.000 €).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o Igape para eximir da constitución de garantías nos pagamentos anticipados e á conta derivados da convocatoria para o exercicio 2019 das axudas do Igape ás agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000 €).
- Acordo polo que se declara o Proxecto sectorial de creación de solo industrial para as instalacións de Aserpal, S.A., situadas no p.q. 676,9 da estrada N-634 nos concellos de Vilasantar e Mesía, como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (Uvigo) no financiamento de recursos de información científica en liña, por un importe total dun millón cincocentos vinte e cinco mil setecentos trece euros (1.525.713 €).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe de trescentos mil euros (300.000 €).
- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia a Festa da Romaxe das Cruces, a Feira do Poldro e Gando do Monte de Muras, a Semana Santa de Lugo e a Festa do San Brais de Bembrive.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de setecentos cincuenta e oito mil cincocentos euros (758.500 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre o incremento das prestacións económicas do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD).

## **A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2019 INCLÚE 1.543 PRAZAS DE ACCESO LIBRE, UN 7% MÁIS QUE O ANO PASADO**

- ***O Goberno galego volve esgotar a taxa de reposición que marca o Estado***
- ***O maior número de prazas concéntrase no eido social, nas categorías de auxiliar coidador (323), limpador-fregador (181), camareiro-limpador (151) e na categoría de oficial 2ª de cociña (97 prazas)***
- ***Tamén se inclúen prazas de acceso no corpo auxiliar (127), na agrupación de subalternos (112), no corpo superior (59), no corpo administrativo (60) e no corpo de xestión (35), así como prazas de persoal especializado***
- ***A maiores, inclúense 227 prazas para a promoción interna do persoal funcionario e outras 847 prazas para a funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta***
- ***Con esta oferta, a Xunta executou xa o 92% do plan de estabilidade ata 2020***
- ***A Xunta cumpre o compromiso de aprobar toda a súa oferta de emprego para 2019 no primeiro trimestre, o que permitirá axilizar as novas convocatorias***
- ***A reserva de prazas de acceso libre para persoas con discapacidade aumenta ata o 10,3%, por riba do 7% que establece a lei***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de oferta de emprego público (OEP) da Administración xeral da Xunta para o ano 2019, que esgota a taxa de reposición marcada polo Estado e inclúe 1.543 prazas de acceso libre, un 7% máis que en 2018. A maiores, o decreto inclúe 227 prazas para a promoción interna do persoal funcionario e 847 prazas para a funcionarización do persoal laboral fixo, polo que a oferta total na Administración xeral ascende a 2.617 prazas, un 18% superior á oferta aprobada para o ano 2018.

Este decreto apróbase logo de recibir o voto favorable dos sindicatos CC.OO. e UXT, e será publicado nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Ademais, súmase ás ofertas de emprego nos eidos sanitario e educativo, xa aprobadas no Consello da Xunta. O Goberno galego cumpre así o compromiso de aprobar as ofertas de emprego público no primeiro trimestre do ano, un compromiso establecido no Acordo de concertación social asinado coas ditas organizacións sindicais que permitirá axilizar as novas convocatorias. En total, a Xunta de Galicia oferta este ano un total de 6.004 prazas, a cifra máis alta desde 2008.

O aumento de prazas ofertadas é consecuencia da recuperación económica e tamén dos acordos acadados coas organizacións sindicais e ten un triplo obxectivo: garantir a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida opositar para traballar na Xunta, garantir o dereito á promoción profesional dos empregados públicos que xa traballan na Administración galega e avanzar no primeiro proceso global de funcionarización do persoal laboral fixo, un proceso xa previsto no Estatuto básico do empregado público.

O maior número de prazas de acceso libre concéntrase no eido social, o que permitirá reforzar o persoal que traballa principalmente en centros de política social. O decreto inclúe prazas nas categorías de auxiliar coidador (323), limpador-fregador (181), camareiro-

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

limpador (151), na categoría de oficial 2ª de cociña (97) e, dentro da escala de axentes técnicos facultativos de servizos sociais, 63 prazas na especialidade de xardín de infancia.

Ademais, no ámbito do persoal das consellerías ofértanse prazas no corpo superior A1 (59); no corpo de xestión A2 (35); no corpo administrativo C1 (60); no corpo auxiliar C2 (127) e na agrupación de persoal subalterno, con 112 prazas. Tamén se inclúen prazas de persoal especializado, como as 33 prazas en especialidades da escala de enxeñaría técnica, as 22 prazas en especialidades da escala de enxeñaría ou as 12 prazas na escala de veterinaria.

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias e as probas desenvolveranse a través do sistema de concurso-oposición, garantindo a aplicación dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e respectando a libre concorrència. O obxectivo da Xunta é situar a taxa de cobertura temporal no 7%, un obxectivo máis ambicioso que no conxunto do Estado.

**Executado o 92% do plan 2017-2020**

En 2017, a Xunta de Galicia asinou cos sindicatos CSIF, CC.OO e UXT un plan para, combinando as iniciativas de estabilización de emprego coas ofertas ordinarias, ofertar 15.000 prazas de emprego público no período 2017-2020. Co decreto aprobado hoxe a Xunta de Galicia ofertou xa máis de 13.700 das 15.000 prazas un ano antes da conclusión do período, o que supón ter executado xa case o 92% da previsión inicial.

**Promoción interna e funcionarización**

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 227 prazas para a promoción interna de persoal funcionario, uns procesos reservados a empregados públicos que xa son funcionarios e que poden acadar un ascenso a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

Finalmente, o decreto inclúe outras 847 prazas para o proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo. Hai que ter en conta que este será o primeiro proceso global de funcionarización que desenvolve a Administración galega en toda a súa historia, un proceso previsto na Lei de emprego público de 2015 e que foi pactado entre a Administración e os sindicatos en diversos acordos.

**Máis prazas reservadas para persoas con discapacidade**

A reserva de prazas para persoas que acrediten discapacidade nesta oferta de emprego público acada o 10,3% nas prazas de acceso libre –na oferta de 2018 esta porcentaxe era do 9,4%–, e unha parte delas será para o acceso de persoas con discapacidade intelectual. A reserva é maior do que establece a lexislación, que marca un mínimo do 7% para facilitar o acceso da persoas con discapacidade á función pública.

**Persoal funcionario en sanidade**

O Consello da Xunta tamén deu luz verde a outro decreto de oferta de emprego público para persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e Administración sanitaria (Lei 17/1989), cun total de 9 prazas. A oferta concrétese nas clases de inspector médico, inspector farmacéutico, farmacéutico inspector de saúde pública, subinspector sanitario e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

ATS/DUE. Esta nova oferta, sumada á aprobada para 2018, suporá a incorporación de 70 novos funcionarios de carreira o que permitirá a conformación de equipos de traballo máis estables e o reforzo de áreas prioritarias como a Inspección Sanitaria.

**1. ACCESO LIBRE (1.543 PRAZAS)**

	<b>PRAZAS</b>
Corpo superior (A1)	<b>59</b>
Escala de letrados (A1)	<b>8</b>
Escala superior de finanzas (A1)	<b>4</b>
Corpo de xestión (A2)	<b>35</b>
Escala técnica de finanzas (A2)	<b>16</b>
Corpo administrativo (C1)	<b>60</b>
Escala de axentes de inspección (c1) – espec. consumo	<b>3</b>
Corpo auxiliar (C2)	<b>127</b>
Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno	<b>112</b>
Escala de enxeñeiros (A1)	
Especialidade agronómica	<b>10</b>
Especialidade de enxeñaría de minas	<b>4</b>
Especialidade de enxeñaría de camiños, canais e portos	<b>6</b>
Especialidade de enxeñaría de telecomunicación	<b>2</b>
Escala de arqueólogos (A1)	<b>1</b>
Escala de arquitectos (A1)	<b>3</b>
Escala de veterinarios (A1)	<b>12</b>
Escala de fac. de arquivos, bibliotecas e museos (A1)	
Especialidades de arquivos (5 prazas) e bibliotecas (3 prazas)	<b>8</b>
Escala facultativa de servizos sociais (A1) – espec. pedagogía	<b>12</b>
Escala de prof. num. de inst.polit. marit. pesq. – espec. inglés marítimo	<b>1</b>
Escala de enxeñeiros técnicos (subgrupo A2)	
Especialidade enxeñaría técnica de obras públicas	<b>5</b>
Especialidade enxeñaría técnica forestal	<b>1</b>
Especialidade enxeñaría técnica agrícola	<b>24</b>
Especialidade enxeñaría técnica de minas	<b>3</b>
Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos (A2)	
Especialidade arquivos	<b>1</b>
Especialidade bibliotecas	<b>7</b>
Especialidade museos	<b>4</b>
Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (A2)	
Especialidade traballo social	<b>20</b>
Escala de axentes técnicos facultativos de servizos sociais (B)	
Especialidade animación sociocultural	<b>11</b>
Especialidade xardín de infancia	<b>63</b>



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Corpo de auxiliares de carácter técnico (subgrupo C2)	
Bombeiro/a forestal condutor de motobomba	<b>1</b>
Emisorista de defensa contra incendios forestais	<b>1</b>
Escala de auxiliares de clínica (C2)	<b>30</b>
Gobernante/a servizos domésticos - grupo III	<b>11</b>
Oficial/a 1ª condutor/a - Grupo III	<b>38</b>
Oficial 1ª cociña - grupo III	<b>11</b>
Oficial servizos técnicos - grupo III	<b>9</b>
Intérprete de linguaxe de signos - grupo III	<b>31</b>
Auxiliar coidador/a - grupo IV	<b>323</b>
Oficial 2ª de Cociña - grupo IV	<b>97</b>
Auxiliar de laboratorio - grupo IV	<b>2</b>
Auxiliar de arquivos e bibliotecas - grupo IV	<b>35</b>
Camareiro/a limpador/a - grupo V	<b>151</b>
Limpador/a – fregador/a - grupo V	<b>181</b>

**2. PROMOCIÓN INTERNA (227 PRAZAS)**

Corpo superior (A1)	<b>26</b>
Escala superior de finanzas (A1)	<b>5</b>
Corpo de xestión (A2)	<b>67</b>
Escala de inspectores/as de consumo (A2)	<b>2</b>
Corpo administrativo (C1)	<b>100</b>
Corpo auxiliar (C2)	<b>27</b>

**3. FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL FIXO (847 PRAZAS)**

Corpo de xestión (A2)	<b>1</b>
Corpo administrativo (C1)	<b>3</b>
Corpo auxiliar (C2)	<b>6</b>
Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno	<b>1</b>
Escala facultativa de servizos sociais (A1)	
Especialidade medicina	<b>20</b>
Especialidade pedagogía	<b>11</b>
Especialidade psicoloxía	<b>61</b>
Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (A2)	
Especialidade educadores	<b>106</b>
Especialidade enfermería	<b>86</b>
Especialidade fisioterapia	<b>16</b>
Especialidade erapia ocupacional	<b>4</b>



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Especialidade traballo social	<b>87</b>
Escala de axentes t.facultativos serv. sociais (b) – espec. xardín infancia	<b>82</b>
Escala de auxiliares de clínica (c2) – espec. auxiliar de clínica	<b>363</b>



## **A XUNTA DECLARA O RÍO GAFOS COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL, O CUARTO QUE SE APROBA DE FORMA DEFINITIVA EN GALICIA**

- ***O Consello deulle o visto e praxe esta mañá ao decreto polo que se aproba o plan de conservación que senta as bases técnicas e as liñas que se deberán seguir nos próximos 10 anos para garantir a conservación dos valores naturais presentes neste espazo***
- ***O Concello de Pontevedra, como promotor da declaración e responsable da xestión do novo ENIL, asumirá un investimento de 230.000 euros para financiar o importe global das actuacións previstas no plan, dirixidas principalmente a mellorar a calidade da rede de sumidoiros e do ecosistema fluvial***
- ***O novo espazo protexido confórmase arredor do río que leva o mesmo nome, discorre integramente polo termo municipal de Pontevedra e é unha zona moi concorrida polos veciños deste municipio***

A Xunta de Galicia completou os trámites para que o Río Gafos se converta no cuarto espazo natural de interese local (ENIL) de Galicia, unha figura de protección que suporá para o Concello de Pontevedra, promotor da solicitude e responsable da súa xestión, asumir o compromiso de poñer en práctica todas as medidas necesarias para garantir a conservación dos valores naturais que representa. A declaración tamén lle dará preferencia no acceso e obtención de axudas destinadas a garantir a súa preservación e mellorar a xestión desta zona.

O Consello da Xunta deulle esta mañá o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se aproba o Plan de conservación do ENIL Río Gafos, un documento preceptivo e imprescindible para poder obter a declaración definitiva e que foi elaborado polo Concello de Pontevedra para xestionar este espazo por un período inicial de 10 anos.

Neste plan establécense as bases técnicas para garantir a conservación das especies e hábitats presentes no río Gafos, valores que xustificaron precisamente a súa declaración como ENIL. Tamén recolle unha serie de medidas orientadas á recuperación progresiva do ecosistema fluvial cun importe total previsto de 230.000 euros, que achegará o Concello de Pontevedra, como promotor e xestor deste espazo, e que se investirán principalmente en mellorar a calidade da rede de sumidoiros no río e do ecosistema fluvial.

Así mesmo, e co obxectivo de garantir que se cumpran os fins perseguidos coa obtención do recoñecemento como ENIL, o plan de conservación do Río Gafos inclúe a posta en marcha doutras medidas concretas, como a eliminación de especies exóticas invasoras; a mellora do bosque de ribeira; o mantemento das marxes e dos reservorios para aves; a adecuación da temporalidade dos traballos que se acometan na zona; a realización de estudos de fauna e flora; ou a sensibilización ambiental da poboación.

Con respecto aos niveis de protección, no plan de conservación do Río Gafos o ENIL aparece dividido en tres partes: a zona de uso especial, terreos privados que ocupan a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

meirande parte do espazo e na que queda limitado o acceso público unicamente aos propietarios ou persoas autorizadas por estes; a zona de uso moderado, áreas dominadas por un ambiente natural en que a conservación dos recursos é compatible co lecer e outro tipo de actividades de uso público, polo que se permite o acceso libre; e a zona de protección, sometida ás máximas limitacións e pechada para o seu uso público en prol de garantir o obxectivo prioritario de conservación do espazo natural.

**Case 50 hectáreas ao carón do río**

O ámbito do ENIL Río Gafos confórmase arredor do río que leva o mesmo nome e ocupa unha extensión de 49,8 hectáreas localizadas na súa totalidade no ámbito do núcleo urbano do Concello de Pontevedra, un espazo moi visitado polos veciños e veciñas da vila. Desde o punto de vista dos valores naturais, trátase dunha zona moi rica en canto á biodiversidade.

Así, destaca sobre todo por ter unha comunidade vexetal moi diversa con presenza de bosques ribeiregos de gran densidade nos cales chama a atención a *Narcissus cyclamineus*, planta endémica da Península Ibérica, considerada no Catálogo galego de especies ameazadas como vulnerables; pero tamén por albergar 20 especies de mamíferos, 92 de aves, 11 especies de anfibios e outras tantas de réptiles, ademais dunha amplísima variedade de insectos.

Coa aprobación esta mañá do plan de conservación do Río Gafos por parte do Consello da Xunta cómprese o último trámite pendente tras a súa declaración definitiva como ENIL mediante a Orde do 11 de marzo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. O Río Gafos convértese, deste xeito, no cuarto ENIL de Galicia, xunto Cos de Xunqueira de Alba (tamén no Concello de Pontevedra e declarado no ano 2012), Loio-Ruxidoira (no municipio lucense de Paradela e que obtivo a declaración definitiva como ENIL en 2013) e Puzo do Lago (declarado en 2014 e localizado en Maside, Ourense).

En total, estes catro espazos naturais ocupan unha extensión de 584,4 hectáreas que hai que preservar e protexer. Neste sentido, a Consellería de Medio Ambiente será a encargada de tutelar a conservación dos ENIL, ao tempo que a súa xestión recaerá sobre os concellos promotores da declaración, que deberán cingirse ás liñas de actuación marcadas no plan de conservación aprobado en cada caso co fin de establecer as normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, así como as regras relativas ao uso público e ás actividades científicas e educativas permitidas.

Nestes momentos, en Galicia existen oito solicitudes para declarar outros tantos espazos naturais de interese local, unha figura recollida na Lei de conservación da natureza de 2001 e desenvolvida posteriormente vía decreto no ano 2005. Delas, seis xa recibiron a declaración provisional por parte da Xunta e teñen presentados os seus respectivos plans de conservación, como requisito previo e imprescindible para que a Consellería de Medio Ambiente os declare ENIL de xeito definitivo. As outras dúas aínda están nunha fase inicial da tramitación.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE REDONDELA DUN TRAMO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL ENTRE AMOEDO E OS VALOS

- ***A Administración local solicita ao organismo provincial o cambio de titularidade do tramo que se corresponde coa estrada Nespereira e que está integrada con carácter de rúa no municipio pontevedrés***
- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto do Goberno galego por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o concello asume a responsabilidade da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Redondela dun treito antigo da estrada provincial EP-2702, entre Amoedo e Os Valos, desde o punto quilométrico 7+950 á estrada N-550.

O Concello pontevedrés solicitou á Deputación provincial o cambio de titularidade deste treito do viario, que se coñece como estrada Nespereira e que está integrada con carácter de rúa no municipio. Previamente, o organismo provincial acometeu o acondicionamento e mellora da seguridade viaria na intersección no treito Amoedo-Os Valos con acceso á Igrexa de Nespereira.

O organismo provincial de Pontevedra considerou axeitada a transferencia a prol do Concello de Redondela, polo que emite informe favorable e solicita o cambio de titularidade do citado tramo provincial á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Redondela deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as Administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Redondela terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE ACTUACIÓN PARA IMPLANTAR 61 MEDIDAS AO ABEIRO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

- ***A atención ás vítimas, a prevención, sensibilización e asistencia son as premisas fundamentais que se marca o Goberno galego para actuar e orientar as súas actuacións neste eido***
- ***Nesta liña, a Xunta implantará novas liñas de axudas aos concellos, ás asociacións de mulleres rurais e ás asociacións e federacións de pais e nais***
- ***Leváranse a cabo campañas específicas dirixidas á mocidade e ás mulleres do ámbito rural e poranse en marcha programas de fomento da contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero, entre outros***
- ***No que se refire á asistencia e protección ás vítimas, pónense en marcha novas medidas que nacen con vocación de permanencia por considerar que melloran considerablemente o apoio e protección ás mulleres e aos menores***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de actuación para a implantación na nosa comunidade das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que suman 61 medidas na materia centradas principalmente en mellorar a resposta que se da ás vítimas, prevención, sensibilización, asistencia e protección dos menores como premisas fundamentais do Goberno galego para actuar e orientar as súas actuacións neste eido.

Durante este ano, o Goberno galego porá en marcha medidas incidindo de xeito prioritario nas medidas de prevención e sensibilización e abranguendo todos os ámbitos: educativo, deportivo, asociativo, sanitario, social e medios de comunicación, entre outros. Este plan de actuación contén 61 medidas, das cales 37 son novas e 24 reforzan medidas xa existentes e que xa están en funcionamento.

Dentro das medidas que se están a poñer en marcha no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta considera de interese prioritario, o reforzo da prevención e sensibilización, medidas de apoio psicolóxico e social inmediato desde o momento da denuncia, medidas de reforzo da rede de acollemento, medidas de axudas ao alugamento, medidas de axudas para a inserción laboral, medidas que reforcen a formación de profesionais, medidas de apoio e protección aos menores, e a posta en marcha de novos centros de acollemento e introducir programas dirixidos aos menores agresores.

Concretamente, a Xunta poñerá especial énfase no desenvolvemento de medidas, con novas liñas de axudas a concellos, a asociacións de mulleres, a asociacións e federacións de nais e pais do alumnado e axudas aos clubs de base para desenvolver campañas específicas en espazos deportivos. Levaranse a cabo campañas específicas dirixidas á mocidade e ás mulleres do ámbito rural.

Poranse en marcha novos programas de prevención da violencia de xénero nas actividades de dinamización das bibliotecas municipais e públicas, así como unha nova liña específica de prevención e sensibilización en violencia de xénero entre o voluntariado xuvenil

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Colaborarase coas 3 universidades galegas mediante convenios coas tres oficinas de igualdade e coas federacións galegas de deportes para a difusión das campañas nos equipos do colectivo arbitral.

No que se refire á asistencia e protección ás vítimas, póñense en marcha novas medidas que nacen con vocación de permanencia por considerar que melloran considerablemente o apoio e a protección ás mulleres e aos menores, como son o apoio a menores orfos, apoio a vítimas gravemente feridas, inclusión de traballadoras sociais nas 7 oficinas de atención á vítimas nos xulgados e programas de fomento da contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero, entre outros.

Das medidas xa implantadas, serán reforzados os contratos programa e vías de colaboración cos centros educativos, a quenda de garda psicolóxica, a rede de acollemento para as vítimas e os seus fillos e fillas, a extensión do bono alugueiro a todas as vítimas no programa de vivenda de alugamento, a posta en marcha dun protocolo específico nos puntos de encontro familiar, o plan de formación especializada do profesorado, dos profesionais sanitarios, dos equipos psicosociais e do persoal da Administración autonómica, da Administración local, de xustiza e das Universidades,

A nosa comunidade ten implantadas moitas das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, nas cales destaca que Galicia é a única comunidade que prevé axudas económicas directas ás vítimas, axudas que supuxeron desde o ano 2009 máis de 27 millóns de euros e 4.000 beneficiarias.



## **O CONSELLO DA XUNTA DA O VISTO E PRACE AO CONVENIO PARA A QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA E PERMANENTE PARA MULLERES E MENORES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

- ***O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia facilitará profesionais na garda as 24 horas os 365 días do ano***
- ***Todas as mulleres que sufran violencia de xénero e os seus fillos e fillas terán atención de carácter inmediato nos momentos posteriores á agresión ou situación violenta***
- ***O procedemento de activación comezará cunha chamada ao teléfono de información ás mulleres, que se porá en contacto coa persoa da quenda de garda correspondente para garantir a presenza inmediata dun psicólogo ou psicóloga no lugar sinalado polas forzas e corpos de seguridade***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o servizo da quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero por importe de 350.000 euros.

O procedemento de activación comezará cunha chamada ao Teléfono de información ás mulleres, 900 400 273, operativo 24 horas os 365 días ao ano que se porán en contacto coa persoa da quenda de garda correspondente para garantir a presenza inmediata dun psicólogo ou psicóloga no lugar sinalado polas corpos e forzas de seguridade do Estado.

O servizo da quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero ten como obxectivo detectar as necesidades psicolóxicas da persoa en situación de violencia de xénero e facilitar a súa cobertura, previr a posibilidade de vitimización secundaria, buscar a coordinación co resto de operadores que estean a intervir na situación concreta e facilitarlle información sobre os recursos e itinerarios de axuda á disposición das vítimas de violencia de xénero na nosa Comunidade.

Este programa da quenda de garda psicolóxica especializada e permanente púxose en marcha por vez primeira a finais do pasado ano 2018, no marco das medidas previstas polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, cun importe de 30.000 euros, con cargo aos cales realizou a formación inicial dos e das terapeutas que integran a quenda, e atendéronse en sede policial 5 casos.

O programa conta cun profesional da psicoloxía que o coordina e cunha rede de profesionais cunha atención de carácter inmediato para as posibles situacións de urxencia, e prestarase por requirimento das forzas e corpos de seguridade. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia facilita profesionais na garda psicolóxica especializada e permanente as 24 horas os



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

365 días do ano para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

Esta é unha das medidas que a Xunta desenvolve ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, como é a necesidade de establecer un sistema de acompañamento e de axuda na toma de decisións a mulleres vítimas da violencia de xénero, co fin de evitar a súa desprotección e garantir o dereito á asistencia social integral.





## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA O CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO E A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL PARA ESTUDAR A SOLUCIÓN AO ABASTECIMENTO DE AUGA NO SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- ***O convenio permitirá realizar un estudo de alternativas e sen apriorismos para determinar a mellor solución técnica ás necesidades que presenta o sistema de abastecemento de Vigo para garantir a auga, especialmente no contexto do cambio climático***
- ***O convenio prevé tamén a realización do correspondente estudo de impacto ambiental unha vez definida a opción axeitada***
- ***O último episodio de seca, rexistrado en 2017, confirmou a necesidade de acometer medidas estruturais para garantir a cobertura da demanda actual e futura de auga tanto en calidade como en cantidade en Vigo e nos concellos abastecidos polos encoros de Eiras e Zamáns***
- ***A Xunta e as outras dúas administracións cofinanciarán a partes iguais os 200.000 euros en que se estima o custo do estudo***
- ***Mentres se avanza na solución a longo prazo, cómpre que a concesionaria municipal do sistema de abastecemento de Vigo acometa con urxencia unha mellora na potabilizadora para que se poida aproveitar un 20% da auga encorada***
- ***A finais de 2017 Vigo afrontou un risco severo de desabastecemento a pesar de que o encoro de Eiras estaba case ao 40%, xa que a potabilizadora non podía garantir a calidade desa auga***
- ***Coa aprobación do convenio polo Consello, a Xunta está en disposición de asinalo en canto dispoñan as outras dúas administracións, co obxectivo de iniciar os traballos canto antes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para garantir o abastecemento na zona de Vigo e Sur da provincia de Pontevedra.

A sinatura deste convenio permitirá realizar un estudo técnico das diferentes alternativas e determinar a proposta máis adecuada de mellora da regulación e almacenamento de auga para solucionar os problemas que presenta o sistema de abastecemento de auga desde os encoros de Eiras e de Zamáns.

O convenio prevé que, a partir das conclusións obtidas neste estudo, se realice o correspondente estudo de impacto ambiental da opción definida como a máis axeitada.

A Xunta e as outras dúas administracións cofinanciarán a partes iguais os 200.000 euros en que se estima o custo do estudo.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Os concellos incluídos nesta área, Vigo, Redondela, Soutomaior, O Porriño, Mos, Salceda, Moaña, Cangas, Baiona, Nigrán e Gondomar, abastécense de recursos hídricos tanto da bacía Galicia-Costa (encoro de Eiras e encoro de Zamáns) como da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o que xustifica unha actuación conxunta das tres administracións públicas.

Desde hai anos, no sistema de abastecemento para Vigo e parte da zona Sur da provincia de Pontevedra constátanse dificultades para cubrir as demandas de auga actuais e futuras. A dita debilidade actualmente vese agravada polos períodos de escaseza de choivas.

O último episodio de seca, rexistrado en 2017, confirmou a necesidade de acometer medidas estruturais para garantir a cobertura da demanda actual e futura de auga tanto en calidade como en cantidade en Vigo e nos concellos abastecidos polos encoros de Eiras e Zamáns, especialmente tendo en conta o escenario de cambio climático.

Mentres se avanza na solución a longo prazo, cómpre que a concesionaria municipal do sistema de abastecemento de Vigo acometa con urxencia unha mellora na potabilizadora para que se poida aproveitar un 20% da auga encorada.

A finais de 2017 Vigo afrontou un risco severo de desabastecemento a pesar de que o encoro de Eiras estaba case ao 40%, xa que a potabilizadora non podía garantir a calidade desa auga.

Coa aprobación do convenio polo Consello, a Xunta está en disposición de asinalo en canto dispoñan as outras dúas administracións, co obxectivo de iniciar os traballos canto antes.

## **A XUNTA DESTINA 2,5 MILLÓNS DE EUROS A REFORZAR OS CLÚSTERES COMO IMPULSORES DA COMPETITIVIDADE DAS PEMES GALEGAS**

- ***A nova convocatoria facilitará o impulso tecnolóxico, a innovación e a captación de novas empresas mediante o fortalecemento das agrupacións sectoriais***
- ***As entidades desenvolverán plans de formación e actividades orientadas ao fomento da dixitalización e a internacionalización do tecido produtivo galego, cunha previsión de mobilización de 5 millóns de euros***
- ***Apóstase así polos clústeres como pancas para consolidar o tecido empresarial a través da Industria 4.0***

O Consello da Xunta comprobou unha nova liña específica de axudas, dotada con 2,5 millóns de euros, co obxectivo de reforzar a actividade dos clústeres galegos no seu impulso á competitividade das pequenas e medianas empresas galegas. Esta iniciativa, desenvolvida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, mellorará a fortaleza das agrupacións empresariais innovadoras e dos clústeres galegos consolidados que, cunha previsión de mobilización de 5 millóns de euros, poñerán en marcha tanto plans de formación como actividades orientadas ao fomento da dixitalización e a internacionalización do tecido produtivo da nosa Comunidade.

Deste xeito, as axudas contribuirán a consolidar os clústeres galegos para que sigan mobilizando recursos e proxectos e reforcen o seu papel activo á hora de definir estratexias cooperativas nos diversos ámbitos de desenvolvemento tecnolóxico, ademais de continuar co seu papel fundamental de aceleradores da Axenda Industria 4.0.

Así, a convocatoria apoiará o papel destas organizacións como pancas de difusión e pezas estratéxicas no impulso de proxectos innovadores, dando soporte á transformación dixital das compañías do seu ámbito de influencia, especialmente ás pequenas e medianas empresas.

Ao mesmo tempo, a liña de axudas reforzará o papel dinamizador dos clústeres na actividade económica de Galicia, xa que os sectores produtivos representados por estas entidades acada algo máis do 75% do PIB de Galicia e, en termos similares, do nivel de emprego e exportacións galegas.

O procedemento de concesión dos apoios, con prazo de execución ata outubro de 2021, farase polo réxime de concorrencia competitiva. Na avaliación dos proxectos teranse en conta, entre outros criterios, o impacto socioeconómico da iniciativa apoiada, o grao de representatividade do clúster no sector correspondente e a importancia do ámbito produtivo para Galicia, ademais do de vinculación cos obxectivos da Axenda de Industria 4.0.

Esta iniciativa, que dá continuidade ás convocatorias realizadas no período 2013-2018, ás cales se destinaron 5,4 millóns de euros, complementase con outros programas que



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

contribúen á promoción de iniciativas que lideran estas organizacións, como os proxectos Industria 4.0 ou diferentes iniciativas para facilitar a internacionalización das pemes.



## **A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PROXECTO CON QUE O GRUPO LOSÁN PREVÉ INVESTIR 25 M€ NA AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE VILASANTAR E MESÍA E CREAR 100 NOVOS EMPREGOS**

- ***O Consello da Xunta aproba esta declaración que permite á empresa Aserpal comezar a tramitación administrativa desta iniciativa na provincia da Coruña***
- ***A compañía precisa 5000 metros cadrados máis de superficie construída e espazo para manobras co obxectivo de implantar un serradoiro con tecnoloxía de primeiro nivel e unha liña de táboas serradas***
- ***Con este proxecto, o Grupo Losán prevé duplicar a súa cifra de negocio e o número de traballadores nestas instalacións, ata alcanzar os 30 M€ anuais e superar os 200 empregos***

A Xunta acordou a declaración da incidencia supramunicipal do proxecto de creación de solo industrial para as instalacións de Aserpal, nos concellos de Vilasantar e Mesía. Deste xeito comeza a tramitación para que esta iniciativa obteña a aprobación definitiva como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e poida ampliar a súa superficie.

A empresa, dependente do Grupo Losán, dedícase desde o ano 1991 á fabricación, corte e xuntado de madeira natural, así como á produción de chapa de madeira tintada e á elaboración de superficies de madeiras nobres personalizadas e ao corte. Cunha superficie construída en planta de 14.196 metros cadrados, emprega máis dun centenar de traballadores e conta cunha facturación anual de máis de 15 M€ e cunha produción orientada, en gran parte, ao mercado exterior.

A compañía pretende implantar un serradoiro con tecnoloxía de primeiro nivel, complementado dunha liña de clasificación de táboas serradas, para o que precisa dunha ampliación da superficie construída de, polo menos, 5000 metros cadrados, así como espazo acondicionado para manobra e provisión de materia prima.

Con esta ampliación, a empresa prevé duplicar a cifra de negocio e os postos de traballo, ata alcanzar os 30 M€ anuais e superar os 200 empregos durante o quinquenio 2020-2024, polo que supón unha importante oportunidade para estes dous concellos e a súa comarca tanto na xeración de riqueza como na creación de emprego. Pola súa vez, contribuirá ao desenvolvemento económico e social de Galicia -en especial, á dinamización do rural galego- grazas ao aumento do PIB e do emprego. A empresa ten previsto un investimento de 25 M€ nestas actuacións.

Con esta iniciativa, a Comunidade segue avanzando na súa consolidación como un lugar idóneo para que as empresas invistan e medren, grazas á aposta por unha Administración áxil e facilitadora que pon en marcha medidas no eido da simplificación, no acceso ao solo industrial e nos incentivos fiscais. Con este obxectivo naceu a Lei de implantación empresarial e a creación da figura dos Concellos Emprendedores, coa que actualmente xa contan 121 municipios galegos, 28 na provincia da Coruña, entre os cales se atopa Vilasantar.

## **EDUCACIÓN DESTINA 1,5 ME ÁS UNIVERSIDADES PARA A ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DE RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA EN LIÑA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a consellería, a UDC, a USC e a UVigo que facilita e apoia o traballo do persoal docente e investigador***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as tres universidades do Sistema universitario galego (UDC, USC e UVigo) dotado con 1.525.713 euros que achegará integramente o departamento educativo do Goberno galego, para financiar a adquisición centralizada de recursos de información científica en liña.

Deste xeito, a Consellería garántelle ás universidades o financiamento dos recursos informativos necesarios para que o seu persoal investigador e docente, e mesmo o alumnado, poida levar a cabo traballos científicos empregando as bibliotecas universitarias, que desde o ano pasado están integradas no Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG). Así, pónese á súa disposición un abano de recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos, xestores bibliográficos e ferramentas de xestión, entre outros) que resultan básicos para o desenvolvemento do labor científico e docente.

Pola súa banda, as universidades galegas comprométese a contratar modelos comerciais de acceso cruzado que permiten que as revistas subscritas por unha biblioteca poidan ser accesibles tamén polo resto de bibliotecas asociadas, garantir o acceso perpetuo ás coleccións nucleares e xestionar unha maior cobertura de acceso.

Este acordo permite, ademais, avanzar na eficiencia e optimización de recursos públicos na medida en que favorece a cooperación entre bibliotecas universitarias á hora de adquirir e compartir recursos electrónicos aos cales se accede a través de licenzas a coleccións completas ou partes.

É dicir, que a través do CISUG as tres universidades realizan unha xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico, o que supón unha mellor posición fronte ao mercado, pois permite acadar acordos de maior envergadura dos que serían posibles a nivel individual e reforza a capacidade de negociación.

O acordo enmárcanse no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, no apartado do financiamento por resultados, no subfondo de fomento da I+D+i. Ten como obxectivo final facilitar o traballo docente e investigador, promovendo a permanencia do talento no Sistema universitario de Galicia (SUG).



## **A XUNTA RENOVA A SÚA ALIANZA COA CATEDRAL DE SANTIAGO PARA REFORZAR A ATENCIÓN AOS PEREGRINOS EN COMPOSTELA**

- ***O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio anual para continuar co impulso ao Centro Internacional de Acollida ao Peregrino na meta do Camiño***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes no Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, en Compostela.

Renóvase así a colaboración que se vén mantendo nos últimos anos para garantir o pleno e completo funcionamento desta infraestrutura, que acolle, entre outros servizos, a Oficina do Peregrino, onde se expide a *Compostela*, o documento que acredita ter completado, como mínimo, os últimos 100 quilómetros a pé ou a cabalo ou os 200 finais en bicicleta.

Neste complexo xacobeo atópase tamén unha das oficinas de información turística autonómicas, na cal os peregrinos son asesorados para continuar a súa visita á Comunidade unha vez finalizada a peregrinación. O centro conta, así mesmo, con dependencias á disposición das asociacións de amigos do Camiño de Santiago e é a sede da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

O acordo mediante o cal a Axencia de Turismo de Galicia achega 300.000 euros– permite garantir o completo funcionamento do centro sufragando os gastos de subministración e de servizos xerais de limpeza, seguridade e vixilancia, así como os gastos de persoal.

O Goberno autonómico e a Catedral de Santiago continúan así a senda da colaboración institucional levada a cabo nos últimos anos para mellorar a atención aos peregrinos e visitantes que rematan a súa experiencia. Dáse resposta, ademais, aos compromisos plasmados en distintas das liñas de acción do Plan Director do Camiño de Santiago, fortalecendo a cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta xacobeá, optimizando as infraestruturas e mellorando os servizos de atención ao peregrino na cidade.

Todas estas accións permiten reforzar a ruta xacobeá, que en 2018 superou os 320.000 peregrinos de preto de 180 nacionalidades e que este ano está a consolidar este bo comportamento coa chegada de máis de 9.000 peregrinos no primeiro trimestre.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA DUPLICARÁ O INVESTIMENTO PARA AS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA, QUE SUMAN CATRO NOVAS DECLARACIÓNS**

- ***O Consello da Xunta aproba o recoñecemento da Semana Santa de Lugo, a Festa da Romaxe das Cruces, o San Brais de Bembrive e a Festa do Poldro de Muras***
- ***Galicia conta xa con 145 festas declaradas de interese turístico das cales 11 teñen o recoñecemento internacional, dez nacional e 124 autonómico***
- ***As festas poderán recibir este ano unha achega do Goberno galego de ata 6.000 euros grazas á colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de catro novas festas de interese turístico de Galicia que acreditaron a súa antigüidade, singularidade, arraigamento e valor cultural. Trátase da Semana Santa de Lugo, a Festa da Romaxe das Cruces, en Ribadeo; a Feira do Poldro e Gando do Monte das Muras, no municipio de Muras; e o San Brais de Bembrive, en Vigo.

A aprobación ten lugar, precisamente, cando se está a tramitar a orde de axudas para este tipo de celebracións, que este ano duplicará a súa partida ata superar os 600.000 euros. Así, as festas poderán obter unha axuda por parte do Goberno autonómico de ata 6.000 euros, o dobre que antes. Isto é posible grazas á colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que asinaron un acordo no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Neste sentido, as axudas irán destinadas, por unha banda, ao apoio, promoción e difusión dos eventos e, por outra, ao impulso da campaña *Agresión off, eu digo non á violencia sexual* de información e sensibilización para combater actitudes machistas nos festexos.

Ademais, a Consellería de Cultura e Turismo conta cun convenio coa entidade financeira Abanca, polo que cada celebración pode acceder a unha axuda adicional de 1.500 euros.

Con estes novos recoñecementos, aprobados no Consello da Xunta, despois da valoración favorable por parte do Consello Galego de Turismo que tivo lugar o pasado mes de decembro, a Comunidade conta xa con 145 festas declaradas de interese turístico. Destas, 11 están declaradas festas de interese turístico internacional, a máxima distinción; 10 teñen recoñecemento nacional e as 124 restantes contan coa declaración no ámbito autonómico.

**Semana Santa de Lugo**

No caso da Semana Santa de Lugo, que en abril se celebrará por primeira vez con este recoñecemento, hai varios elementos que subliñan o seu interese cultural, como é a historia das súas confrarías, o valor artístico das súas imaxes, a presenza de xente de diferentes idades e procedencias ou o feito de que se involucren en parte dos seus actos diversas institucións como o Concello, a Armada, o Exército, a Garda Civil ou a Policía Autonómica.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Ademais, desde a vertente relixiosa, ten a singularidade de incluír o Xoves Santo, na procesión da Santa Cea, o Sagrario da Reserva. Este feito dota a Semana Santa lucense dunha característica única e de gran valor para os crentes. Con todo, a vertente estritamente relixiosa non é a única para ter en conta e, co gallo desta celebración, organízanse outras actividades como conferencias, concertos ou mesmo arqueolóxicas.

**Festa da Romaxe das Cruces**

Co obxectivo de conmemorar a vitoria dos veciños das parroquias de Ribadeo e Trabada ante o exército de Napoleón durante a Guerra da Independencia, o municipio de Ribadeo celebra o luns de Pentecostés a Festa da Romaxe das Cruces. Trátase dunha celebración na honra da Virxe das Virtudes que conta coa asistencia das sete cruces que lle dan o seu nome (Arante, Ove, Cedofeita, Cubelas, Vidal, Vilaboa e Sante). Durante a procesión bendícense os campos, cántanse rogativas e conmemórase a vitoria sobre os franceses.

O momento máis vistoso desta celebración é o ritual dos pendóns e das cruces cando os portadores se colocará uns fronte aos outros e comezan a arriar varias veces. Logo, realízase o bandeado do pendón, un ritual que require de gran destreza, forza e precisión para que, indo paralelo ao chan, non chegue a tocalo.

**Festa do Poldro de Muras**

No municipio lucense de Muras celébrase desde hai máis de 30 anos a Feira do Poldro e do Gando, unha cita que naceu enfocada á exaltación e comercialización do poldro e da súa carne, un produto autóctono, criado en liberdade e cunha alimentación complementaria natural, aínda que tampouco se desatenden outros sectores como o gando vacún. Así, desde o amencer ate o mediodía a actividade principal é a compra venda de gando. Logo, dáse paso a unha tarde máis lúdica na cal se celebran carreiras e espectáculos ecuestres.

Desde os seus inicios, a Feira do Poldro tivo a capacidade de transcender e ser un dos eventos máis queridos pola parroquia, que sempre perseverou na súa existencia e supervivencia. Tanto e así que a orixe desta celebración está nun variado grupo de veciños e veciñas que axudaron a mantela e consolidala nos primeiros anos.

**San Brais de Bembrive**

Pola súa banda, Vigo acolle desde hai máis de 350 anos a que está considerada como unha das festas máis populares de Galicia: o San Brais de Bembrive. Trátase dunha festividade de transmisión interxeracional na que, cada 3 de febreiro, se xuntan devotos do Santo, así como da música ou da gastronomía. Entre os elementos que definen esta festa destaca a romaría, o rito de poñer unha vela ao Santo para conservar a gorxa, desfrutar do viño nos furanchos ou comer a cachucha do porco. É de salientar tamén a tradición musical na zona con grupos de acordeóns, corais, tunas, folk, baile rexional, pandeireteiras e gaitas.

## **NO ANO 2018 REALIZÁRONSE EN GALICIA 33 TRANSPLANTES DE MÉDULA ÓSEA CON PERSOAS NON EMPARENTADAS**

- ***Desde que se realiza este tipo de transplante en Galicia no ano 2008 realizáronse xa 296***
- ***A Consellería de Sanidade destinará 758.500 euros, 5.000 euros máis que o ano anterior, ao convenio de colaboración coa Fundación Josep Carreras para fomentar a doazón de médula ósea***

O Sergas realizou durante o ano 2018 un total de 33 transplantes de médula ósea con persoas non emparentadas. Desde que se empezaron a facer en Galicia este tipo de transplantes, no ano 2008, realizáronse 296.

Durante o pasado ano incorporáronse un total de 1.047 doantes de médula ósea en Galicia. En total, na nosa comunidade 10.779 persoas están dispoñibles como doadores no Rexistro Español de Doadores de Médula Ósea (REDMO).

O transplante de proxenitores hematopoéticos (TPH) consolidouse como unha alternativa terapéutica para unha gran variedade de enfermidades. Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles en que se usan as células do propio paciente; neles realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente. Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles; e os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia.

### **Renovación do convenio**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue e a Fundación Josep Carreras, por un importe de 758.500 euros.

O seu obxectivo é fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante destas células. Este convenio de colaboración consiste nun acordo para que calquera paciente galego que necesite un doador de medula ósea poida ter localizado un doador compatible, primeiro no noso país e, se non aparece, no resto dos rexistros mundiais. Isto faise ao través da Fundación Carreras, que é o rexistro que está autorizado en España para tal fin.

Só o 25/30% dos pacientes que necesitan un transplante aloxénico teñen un familiar compatible. Por este motivo se crearon os rexistros nacionais de doadores non emparentados e de unidades de sangue de cordón umbilical, de tal forma que cando un

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

paciente necesita un transplante e non ten familiar compatible recórrese ao Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

No caso de non atopar doador no REDMO, este conecta de forma automática co resto de rexistros internacionais de doadores de medula ósea e bancos, agrupados a través do Bone Marrow Donors Worldwide (BMDW).

## **19.000 GALEGAS E GALEGOS PERCIBIRÁN A PARTIR DE ABRIL UN INCREMENTO DE ENTRE O 10 E O 75% NA SÚA PRESTACIÓN POR DEPENDENCIA**

- ***O Diario Oficial de Galicia (DOG) de mañá publicará a orde de incremento destas axudas***
- ***Beneficiaranse as persoas que reciben axuda pública para pagar un cuidador da súa propia familia ou un asistente persoal, así como aquelas que dispoñen dun Bono autonomía en residencia para financiar o centro que elas mesmas elixan***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a un investimento de 10 millóns de euros dirixido a incrementar as axudas de dependencia que teñen os maiores e persoas con discapacidade. Esta medida, que mañá publicará o *Diario Oficial de Galicia* (DOG), farase xa efectiva neste mes de abril e beneficiará 19.000 galegas e galegos, que verán incrementada a prestación económica que reciben entre un 10 e un 75%.

En concreto, para aquelas que contan cunha axuda pública para pagar un cuidador da súa propia familia a contía aumentará un 10%, de xeito que o máximo pasará de 387 euros a 426 euros.

Así mesmo, para as persoas con discapacidade ás que se está axudando a financiar a un asistente persoal, as contías subirán un 15%, de modo que o seu importe pasará dunha media de 1.300 euros a unha de 1.500 euros. Con este incremento, Galicia convértese na Comunidade Autónoma que máis aposta polos asistentes persoais, que exercen un labor fundamental de apoio ás persoas con discapacidade en todas as tarefas da vida diaria.

E para as persoas que dispoñen dun bono autonomía en residencia para financiar o centro residencial que elas mesmas elixan, o ascenso das contías dependerá do grao de dependencia que teñan recoñecido. Así, os bonos para as dependencias de grao I (as máis leves) crecerán un 20%, de tal maneira que o seu máximo pasa de 300 euros a 360 euros e os bonos para dependencias de grao III (as máis severas) incrementaranse outro 20% ata elevar o máximo de 715 euros a 858 euros.

Ademais, o bono autonomía en residencia que perciben as persoas dependentes de grao II experimentará un crecemento dun 75%, de xeito que o seu máximo pasa de 426 euros a 745 euros. Deste modo, as 1.800 persoas que están neste último grupo verán como a contía que perciben cada mes para axudar a pagar unha residencia practicamente se duplica.

Cómpre indicar que as persoas beneficiarias desta medida non deberán facer ningún tipo de trámite, senón que pasarán a cobrar o novo importe das súas prestacións automaticamente.